

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DO PORRIÑO PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE O PORRIÑO**

O xerente de Turismo de Galicia

### **DECLARA:**

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co concello do Porriño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o concello do Porriño para levar a acondicionamento e mellora do pavillón municipal de o Porriño.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro,



do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

**Terceiro.-** O Concello do Porriño pretende dignificar a área deportiva actualmente existente, xa que se encontra nun estado que supón un risco físico para os deportistas que xogan na súa superficie debido ó desgaste que sofre pola cantidade de equipos e afeccionados que usan as instalacións.

As actuacións consisten no aumento do aforo, na mellora dos baños, o aumento da luz no interior do recinto, instalación de vinilos en pista e instalación de pantallas led en pista.

Con todo isto o que se pretende é mellorar a imaxe das instalacións municipais de cara a todo aquel que vexa os partidos pola televisión e para tódolos afeccionados que desfruten dos partidos en vivo.

Gran parte das melloras que se van a realizar ou se están realizando quedarán para todos os usuarios que a día de hoxe utilizan as instalacións, ademais de cumprir o pavillón coas esixencias da IHF para poder ser sede do próximo mundial de balonmán que se celebrará no ano 2029.

Esta actuación supoñerá a reforma do pavillón municipal, mellorando a dotación deste espazo e o confort para a práctica deportiva. Trátase dunha actuación baseada na sustentabilidade, que supoñerá un importante aforro enerxético para o Concello ao mesmo tempo que económico e ambiental.

Pola súa parte, as actuacións que integran o proxecto suporá unha importante mellora desde o punto de vista funcional da área deportiva, ó tratarse dunha actuación estratéxica e integrada.

**Cuarto.-** A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta articúlase a través de misións, sendo unha delas a mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial. Unha primeira liña de traballo incide en mellorar a percepción do destino e garantir e facilitar información sobre este. En segundo lugar, o turismo é a grande actividade económica capaz de redistribuír riqueza e facilitar emprego en áreas especialmente vulnerables e que afrontan o reto demográfico. A estratexia busca apuntalar o turismo rural cara ao ano 2030, mellorando



a súa planificación, facilitando investimentos e xerando novas experiencias, máis atractivas e innovadoras, pero, sobre todo, que reforcen a cultura e a identidade local.

Ademais, a misión 2 de sostibilidade integral, ten como obxectivo a posta en valor de actividades en contornas naturais, contando entre as súas propostas de acción co acondicionamento de áreas lúdicas e de instalacións deportivas, con especial incidencia en áreas rurais nas que o turismo activo e deportivo supón unha oportunidade para diversificar a oferta.

Esta adecuación farase respectando os principios da arquitectura sostible e introducindo técnicas para o aforro enerxético e a redución das emisións. Permitirá un uso moi variado e flexible das instalacións deportivas existentes poñendo en valor tanto desde a perspectiva ambiental e paisaxística, como turística, ó sumar, como un novo polo de atracción, as actividades de carácter deportivo, cuxo ámbito de influencia adquire unha nova escala para ser sede de futuras competicións. Isto favorecerá, consecuentemente, o goce e utilización por un maior número de usuarios, así como a asociación do uso e goce das instalacións deportivas co turismo, que xa conta cun forte tirón no concello.

Con esta actuación quérese potenciar un inmoible do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo deportivo como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, sen que proceda promover a concorrencia pública ao ser o concello beneficiario á única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

